

Ao Presidente da Xunta de Galicia.

Envíeselle copia á Presidenta Parlamento de Galicia e a cada unha das Consellerías da Xunta

O Courel é o territorio de maior biodiversidade e xeodiversidade da Galiza. Polos seus valores naturais e culturais foi declarado Espazo Natural en 1989. Está incluído na Rede Natura 2000. Pero isto non abondou para impedir a inmensa **desfeita ambiental e cultural**, que se está levando a cabo en toda a Comarca, con danos irreparables aos veciños, aos ecosistemas fluviais, aos elementos culturais, á paisaxe, á flora, á fauna,; por iso os que abaixo asinamos, **solicitamos**:

1.)- Que se declare **Parque Natural** O Courel, de inmediato; incluíndo dentro, como mínimo, as cuncas **íntegras** dos ríos Lor_Louzara, Selmo, Soldón e Ferreiroiño; e que se libre o territorio conformado por todas elas, de todo tipo de impactos e concesións incompatibles, como **canteiras, eólicos, centrais hidroeléctricas, ...**

2.)-Que se devolva á Rede Natura a superficie da **cunca do Lor** que se descualificou no 2004, deixándoa fóra do Espazo Natural e deixando este territorio partido en dous, impedindo a súa función como o corredor biolóxico que une os Ancares e o Canón do Sil, tamén dous espazos da Rede Natura.

3.)- Que se destine ao Parque Natural do Courel, o **orzamento** suficiente, para a dotación de servizos públicos aos/as veciños/as; para a total recuperación ambiental e da paisaxe tradicional; para a recuperación de todos os elementos etnográficos, arquitectónicos e da cultura en xeral; e para o Plan de Desenvolvemento Sostible correspondente.

4.)- Que se habiliten os instrumentos axeitados para que **os/as veciños/as** se impliquen na xestión do Parque Natural e para que sexan beneficiarios/as da creación do emprego relacionado coa xestión e conservación deste Espazo.

O Courel, primavera de 2007

Nome e apelidos	DNI	Sinatura

Segue ao dorso >>>>>

